



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.-

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Barreiros, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de novembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia da Alcaldesa Ana Belén Ermida Igrexas, e coa asistencia das/os Concelleiras/os, Antonio Veiga Outeiro, Montserrat Porteiro Sanchez, Dámaso Ratoeira Basanta, Daniel García Fernández, María Carmen Veiga Rodríguez, Jose Alfonso Fuente Parga, José Manuel Gómez Puente, Lorenzo Penabad Bolaño, Alvaro Daniel Navia Ferreyra e María del Mar Sante García, constituíuse o Pleno da Corporación, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, actuando como Secretaria, Dona Begoña Teijeiro Campo, que comproba a existencia de quórum de asistencia precisa para que poida iniciarse a sesión, que é pública, e se abre pola Presidencia, quen, inicia o desenvolvemento dos asuntos que conforman a orde do día, que son os seguintes:

- 1.- Aprobación das actas dos plenos do 7 de outubro e do 22 de outubro de 2019.**
- 2.- Dar conta das Resolucións de alcaldía e das Xuntas de Goberno Local aprobadas a partir do 7 de outubro de 2019 (poden consultarse nos libros correspondente no Gestiona).**
- 3.- Moción do grupo municipal do BNG sobre o 25 de novembro e a violencia machista.**
- 4.-Mocións ou propostas de urxencia.**
- 5.- Rogos e preguntas.**

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DOS PLENOS DO 7 DE OUTUBRO E DO 22 DE OUTUBRO DE 2019.

A alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás Actas das sesións anteriores, que se facilitaron coa convocatoria.

Procédese á votación de carácter ordinario verbo da aprobación das actas, resultando aprobadas por unanimidade.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL APROBADAS A PARTIR DO 7 DE OUTUBRO DE 2019.

Dase conta de todas as Resolucións e Xuntas de Goberno Local que se aprobaron a partir do 7 de outubro de 2019 e ás que os concelleiros poden acceder a través do Gestiona de forma directa.

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O 25 DE NOVEMBRO E A VIOLENCIA MACHISTA.

Dase conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre o 25 de novembro e a violencia machista, que literalmente di:

“Cada 25 de novembro os titulares, os minutos de silencio e as declaracións institucionais lembran a vixencia da violencia machista e do sistema patriarcal. Así mesmo, o feminismo galego volta a saír á rúa como cada vez que somos asasinadas ou agredidas.





A violencia machista exercida contra as mulleres é un problema de primeira orde, contrario ós dereitos humanos e que a escala mundial representa un auténtico xenocidio e diante do que os titulares, minutos de silencio e declaracións institucionais de cada 25 de novembro son insuficientes.

Históricamente a violencia ten sido minimizada, ocultada e invisibilizada e os avances que temos dado responden á capacidade transformadora do feminismo e dos movementos de mulleres en Galiza e no resto do mundo. Nos últimos anos asistimos a mobilizacións históricas en Galiza que dan cumprida conta da fatura diante dunha situación que é insostible. Nos últimos anos as respostas ós feminicidios que impulsa o feminismo galego teñen aumentado en número de convocatorias e en asistencia. Así mesmo, asistimos a dúas folgas históricas no 8 de marzo de 2018 e 2019 que superaron toda expectativa.

Se ben é certo que temos dado pasos adiante como sociedade na visibilización da violencia machista, fica moito por facer. É clave aumentar os recursos dispoñibles e é clave visibilizar todo tipo de violencias machistas.

Un dos debates que o feminismo ten conseguido colocar na axenda pública é o da violencia sexual. Movementos como o #PrimAcoso ou o #Meetoo así como a resposta a casos como o da Manada marcaron un antes e un despois na conciencia colectiva, e deben marcar un antes e un despois tamén na resposta das administracións públicas.

É preciso recoñecer a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade e a insuficiencia nos recursos de intervención e atención. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delitivos que non se denuncian. Malia isto, as denuncias teñen experimentado un incremento das agresións e as persoas expertas da cadea xudicial e de atención alertan ademais dun incremento na súa brutalidade.

Así mesmo, a Fiscalía Xeral do Estado, ten alertado nas súas recentes edicións da Memoria Anual sobre o aumento da violencia e os delitos de natureza sexual entre as persoas máis novas e relacionao directamente coa preeminencia da pornografía nas redes sociais e como forma de educación e socialización sexual.

Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2001. Porén, o goberno Feijóo non ten feito o esforzo suficiente por desenvolver este marco e por adaptar os recursos a todo tipo de violencia. Así mesmo, compre recordar que o Estado español continúa a incumprir o Convenio de Istambul e tamén o propio Pacto de Estado que prometía avanzar nunha definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reduccionista que a limita ó ámbito familiar e da parella.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Demandar á Xunta de Galiza:

1.1.- O incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2020 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

1.2.- Demandar da Xunta de Galiza a mellora da atención e prevención da violencia machista e, particularmente, da violencia sexual, adoptando as seguintes medidas:





- a) Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por ser vítimas de violencia machista e impulsar unha campaña específica para informar da existencia deste recurso.
 - b) Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local,...)
 - c) Constituír unha mesa de traballo na que se avalía, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galiza por agresión sexual, de cara a analizar posibles fallos na cadea de atendimento e intervir no seu baixo número.
 - d) Desenvolver un protocolo específico de atención á violencia sexual, con especial atención ó ámbito xudicial.
 - e) Impulsar iniciativas no campo da prevención e sensibilización da mocidade, a comezar pola extensión, antes do remate do 2020, a todos os centros de educación do país de obradoiros específicos sobre o consentimento co obxectivo de contribuír a superar a preeminencia da pronografía como referente formativo na mocidade galega; así como desenvolver as actuacións necesarias para incorporar contidos coeducativos transversais de superación da dominación sexual en todas as fases educativas.
- 2.- Demandar do goberno central as seguintes medidas para avanzar no recoñecemento da violencia sexual como violencia machista:
- a) demandar a introdución no marco legal do concepto de consentimento para mellorar a tipificación e tratamento da violación e das agresións sexuais así como a consideración destes delitos como delitos de carácter público.
 - b) impulsar a aplicación da directriz do artigo 36 do Convenio de Istambul que estipula que as autoridades deben adoptar todas as medidas necesarias para garantir que o sexo non consentido sexa tratado sempre como un delito.
 - c) modificar a definición estatal de violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul de forma que a violencia sexual sexa recoñecida como tal, como xa fixo a lei galega no ano 2007.
 - d) desenvolver as actuacións legais de organización necesarias para que os delitos de violencia sexual sexan instruídos nos xulgados exclusivos de violencia machista e transferir a Galiza os recursos orzamentarios necesarios para esta adaptación."

O voceiro do grupo municipal do PP, Alfonso Fuente, di que van votar a favor da moción. O PP tiña unha moción para presentar con acordos similares pero finalmente non se presentou porque xa están enriba da mesa estes acordos que son os que se van a votar. Non obstante quere facer algunhas precisión en canto ó que se di na moción. Está claro que hai que dotar esta materia de mais orzamento, pero en Galicia xa se tomaron moitas medidas: en educación a través de diferentes asignaturas en igualdade de xénero, en sanidade, en servizos sociais,... Tamen se tomaron moitas medidas económicas. Galicia é unha das poucas Comunidades Autónomas que ten axudas específicas nesta materia a parte das do Estado. Está claro que non son suficientes pero hai que seguir nesta mesma liña e abrir tamén outros debates como o das medidas penais ou doutra índole, porque parece que as medidas educativas e económicas por sí soas non chegan. Oxalá se chegue a erradicar esta lacra. Aquí en Galicia hai menos casos que noutras Comunidades Autónomas, pero siguen aumentando.





A voceira do PSdeG-PSOE, Carmen Veiga, di que a base primordial está na educación inda que tamén lle haberá que dar unha volta ó aspecto xudicial, como o tema da custodia dos fillos. Hai que concienciarse máis, 1029 mulleres dende 2003 foron asasinadas. Hai que investir neste porque si non non hai futuro.

A concelleira do BNG, Montserrat Porteiro, di que sí que fai falla máis investimento, que se modifique o sistema educativo e que os gobernos non se apoiem en determinados partidos que rexeitan a existencia da violencia de xénero.

A alcaldesa intervén e manifesta o seguinte:

- Galicia non é a Comunidade Autónoma que máis invirte en medidas contra a violencia de xénero. Agora mesmo ese investimento está por debaixo do 1%.
- As Administracións Públicas deben garantir os avances acadados. No 2007 aprobouse en Galicia unha lei máis avanzada que a do Estado e que o Pacto de Istambul e debería seguirse nesa liña.
- Dende o ano 2009 en Galicia demanteláronse os centros “Quérote” adicados á mocidade, o cal foi un atraso moi importante.
- As campañas que se implementaron son de carácter paternalista que non empoderan ás mulleres.
- Deberían buscarse sociedades máis libres e xustas e non centrarse tanto en medidas punitivas e sí educativas.
- No concello de Barreiros debemos implementar medidas de igualdade, corresponsabilidade e medidas transversais.

Sométese a votación a moción e resulta aprobada por unanimidade.

4.- MOCIÓN OU PROPOSTA DE URXENCIA.

A concelleira do PSdeG-PSOE, Carmen Veiga, di que presentou o 20 de novembro unha moción con motivo do 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero, pero que non lle deu tempo a presentala antes de que se asinase a convocatoria do pleno, polo que solicita que se trate como moción de urxencia, dado o día e a materia da que se trata.

Sométese a votación e resulta aprobada a urxencia por unanimidade.

Dáse conta do contido da moción que literalmente di:

“O 17 de decembro de 1999, a través da Resolución 54/134, a Asamblea Xeral da ONU declarou o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Unha data que debe servir, non só para reflexionar por parte de toda a sociedade, senon tamén para a renovación dos esforzos por parte de todas as institucións políticas e sociais, para loitar contra esta vulneración dos dereitos humanos a nivel global.

No ano 2014, España ratificou o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Istambul), que supón o primeiro mecanismo vinculante en Europa para “progexer ás mulleres contra todas as formas de violencia, e previr, perseguir e eliminar a violencia contra a muller e a violencia doméstica”; e que, por tanto, devandito Convenio é de obrigado cumprimento.





O artigo 15 da nosa Constitución reconece o derito á vida e á integridade física e moral, sen que en ningún caso, ninguén poda ser sometido a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Pola súa banda o artigo 9.2 establece a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A violencia contra as mulleres é estrutural e histórica. Atópase presente en todos os países e culturas, independente do nivel educativo e a posición social. No presente decenio asistimos a unha ofensiva visible a escala mundial e europea contra a igualdade de xénero e os dereitos das mulleres.

A violencia contra as mulleres constitúe a vulneración máis estendida dos dereitos humanos no mundo e a súa orixe radica na discriminación que sofren as mulleres respecto dos homes. A violencia machista non ten cabida na sociedade que aspiramos a ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obrigación. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e que as súas vidas non estean en perigo polo mero feito de ser mulleres.

Para iso necesitamos o compromiso individual da cidadanía, homes e mulleres, e o compromiso colectivo da sociedade todos os días do ano. A colaboración dos homes desempeña un papel importante no fomento da igualdade de xénero e a eliminación da violencia contra as mulleres.

A violencia machista interpélanos a todos e todas e é a nosa obrigación combatela con todos os medios dispoñibles, empezando polas administracións, cada unha no ámbito das súas competencias.

A violencia machista é a primeira causa de morte prematura entre as mulleres, o machismo mata e ten que ser unha solución política de primeira orde. Segunda a última macroenquisa sobre violencia de xénero realizada en 2015 polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o 12,5% das mulleres maiores de 16 anos sufriron violencia de xénero algunha vez na súa vida, o que en termos absolutos supoñen 2,5 millóns de mulleres en España, o 2,7% das mulleres maiores de 16 anos sufriron violencia no último ano e o 64% dos fillos e fillas das vítimas presenciaron os episodios de violencia.

Máis de 1.027 mulleres foron asasinadas en España polas súas parellas ou exparellas desde o ano 2003, data que marca o inicio da recompilación de datos oficiais. No que levamos de 2019, foron asasinadas 47 mulleres e 3 menores, e aínda hai máis asasinatos de mulleres en investigación.

No noso país os últimos anos producíronse avances legislativos moi significativos en materia de loita contra a violencia sobre a muller. Dispoñemos dun marco legislativo a través da LO 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, e contamos desde o ano 2017 dun Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, aprobado polo Congreso dos Diputados.

A pesar do consenso alcanzado en torno ó Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, a inacción do anterior goberno do PP dixo que case un ano despois da súa aprobación apenas se puxo en marcha. O Goberno socialista atopouse con cuestións que tiñan un carácter apremiante e cuxa implementación foi aprobada o máis axiña posible a través dun Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Nun período inferior a dous anos o Goberno do PSOE puxo en marcha o 82% das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, demostrando así o seu pleno compromiso coa Igualdade.





Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia cara ás mulleres, que garanta unha resposta rápida e efectiva ás mulleres que sofren violencia, así como ós seus fillos e fillas, xerando os mecanismos necesarios para conseguilo.

Por todas estas razóns, faise necesario redobrar os esforzos contra a violencia machista, mantela como prioridade política e democrática, illas ós violentos e a quen lles dá cobertura política. Ademais, hai que esixir que se reforce o sistema de protección para as mulleres vítimas e desenvólvanse todos os recursos e medidas que se contemplan no Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

Por todo isto, o grupo municipal Socialista, propon ó Pleno a aprobación dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Seguir poñendo en valor desde este concello as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das súas competencias, así como o seu seguimento, co obxectivo de combater a violencia contra as mulleres;
- 2.- Manifestar a nosa repulsa a todas as formas de violencia cara ás mulleres, o noso compromiso coas vítimas e declarar a este municipio "tolerancia cero cos maltratadores".
- 3.- Expresar o rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a negación da existencia da violencia de xénero ou rexeite a validez das políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.
- 4.- Apoiar ás organizacións e grupos de mulleres e os defensores dos dereitos da muller que actuaron como catalizadores e líderes dos avances lexislativos e políticos na última década no que respecta á evolución e a práctica dos dereitos das mulleres.
- 5.- No marco do reforzo das iniciativas para combater esta secuela, desde este concello comprometémonos a impulsar a aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento da Violencia de Xénero así como as estratexias e plans a nivel autonómicos vixentes, en coordinación con todos os poderes públicos."

Sométese a votación a moción e resulta aprobada por unanimidade.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro do grupo municipal do PP, Alfonso Fuente, fai as seguintes preguntas e rogos:

- ¿Houbo unha sentenza sobre o despedido dunha traballadora municipal?

A alcaldesa respostou que sí. A sentenza di que o contrato debería terse feito por tempo indefinido e por iso se resolve como despedimento improcedente. Non hai nulidade, que viría determinada polo despedimento en sí, si vulnerase algún dereito da traballadora. É dicir, a improcedencia é polo tipo de contrato asinado, que foi algo que se acordou polo anterior goberno, e non polo despedimento en sí, que foi o que levou a cabo o actual goberno.

- ¿Non se podería readmitir a esa traballadora?

A alcaldesa resposta que se fixeron os cálculos do que costaría a readmisión co pago dos salarios de tramitación e o que costaría a indemnización por despedimento e ésta segundo opción era moito máis vantaxosa para a economía municipal e por iso se optou polo pago da indemnización. Esta plaza cubrirase





conforme á normativa establecida. Non se utilizará este tipo de sentencias para meter á xente na administración pola porta de atrás sin pasar por ningún proceso selectivo.

-As analíticas das zonas de baño ata o 2018 sempre deron excelente, sin embargo neste ano 2019 suben os niveles de contaminación, sobre todo en Arealonga, tendo incluso que chegar o cierre da praia. Os datos son claros, e son externos ó concello. Parece que non se están facendo ben as cousas nesta materia.

A alcaldesa di que este ano, por vez primeira, non se trameou coas augas para que as analíticas deran ben. Ese vertido leva igual moitos anos, pero este ano actuouse con responsabilidade e non se fixeron traballos non permitidos con nocturnidade e alevosía como outros anos. Antes “tapábanse” os problemas, agora amósase cal é a situación real e trabállase para solucionarla de forma definitiva. Antes retirábanse os vertidos para outras depuradoras como a de San Bartolo, sin ningún control, facíanse obras sin permiso, inda que non chegaran a poñerse en marcha, o cal aínda é peor porque se gastaron os cartos municipais para nada.

O concelleiro Dámaso Ratoeira, di que sí o goberno autonómico non colabora non se vai poder solucionar o problema.

- ¿Vanse seguir comprando papel de mans para o colexio de San Cosme? Informáronnos de que os nenos teñen que levar toallas de tela da casa.

A alcaldesa di que o concello está a realizar o mantemento dos colexios como o de ata agora, e como lle corresponde por lei. Ese caso concreto deberáse a algunha medida de educación medioambiental que dende o colexio lle están intentando inculcar ós alumnos para non gastar tanto papel.

- ¿Hai problemas co material do persoal municipal?

A alcaldesa di que non, pero que agora se estableceu un proceso para dita compra para poder levar o control do gasto. Cada traballador ten que ter unha previsión do material que vai necesitar, pasarlle o pedido ó concello para poder pedir as ofertas, facer as retencións de crédito que corresponden. Para isto non fai falta moito tempo, solo ter a previsión suficiente do que se vai necesitar e decilo. Si non se fai así non hai previsión e despois non se poden aprobar as facturas.

- ¿Xa hai previsión de cando se van empezar as obras dos viales adxudicados neste ano 2019?

A alcaldesa di que os que van con cargo ó Agader, teñen que estar feitos no 50% como mínimo neste ano 2019 e o resto para o 2020. Os do Plan Unico teñen que facerse antes de outubro de 2020. As empresas adxudicatarias foron Deymet e Construcciones Isidro Otero, respectivamente.

- ¿Cómo está o contrato do vehículo e do punto limpo móbil? Parece que había algún problema con el.

A alcaldesa di que hai de prazo para a xustificación da subvencion ata o 31 de decembro.

O concelleiro, Dámaso Ratoeira, di que o único problema é que o camión ofertado é de marca china, descoñecida, e eso non lle daba moita confianza e ademais é de gasolina.

- ¿a quen se lle adxudicou a obra de ampliación do Centro Sociocultural de San Xulián?

A empresa adxudicataria foi Groma, SL.

- ¿Qué pasa coas farolas da Autovía e do Asador?

A alcaldesa di que xa se comunicou á empresa.





- ¿Falouse con Fomento para que arranxe a nacional? Hai un tramo en Reinante, despois do Amadora, que está moi mal.

A alcaldesa di que xa se lles trasladou esta petición na súa visita a Madrid.

- ¿Hai algunha previsión de cando se lle van abonar os gastos xudiciais que se lles ocasionaron os membros da corporación municipal no xuízo no que se acadou sentenza absolutoria?

A alcaldesa di que aínda non se recibiron todas as solicitudes, que se solicitou un informe á Deputación sobre a procedencia de dito pago. Este ano non hai partida para estes gastos e o ano que ven vai estar difícil debido á situación económica do concello. Xa se solicitou tamén un informe para ver como se van poder afrontar todos estes gastos.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por rematada a sesión, e levántase, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos do día sinalado.

E para constancia do que se tratou e dos acordos que se adoptaron, estendo a presente acta, que asina a alcaldía e que eu, Secretaria, certifico coa miña sinatura, en Barreiros, o 25 de novembro de dous mil dezanove.-

Vº e Pr.
A ALCALDESA

A SECRETARIA

